CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas contextualizados de cálculo de lonxitudes, áreas, volumes ou/e capacidades en figuras planas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos (T. de Tales, T. de Pitágoras).	PE	100
CA2.2 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Realiza conexións entre diferentes procesos matemáticos relacionados coa medida en figuras planas aplicando extratexias para a toma de decisión do grao de precisión requirida.		
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real susceptibles de ser formuladas mediante conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmos baseadas en estimacións clasificando correctamente os elementos usados.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa figuras planas usando diferentes ferramentas (lapis e papel ou programas gráficos, p. ex. Geogebra) e valorando a súa utilidade para compartir información.		
CA3.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas aplicando transformacións no plano.		
CA3.3 - Realizar conexións entre diferentes procesos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias.	Describe, clasifica e representa figuras xeométricas planas aplicando distintas ferramentas para a súa construción (lapis e papel ou programas de xeometría, p. ex. Geogebra).		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Identificar conexións coherentes entre as matemáticas e outras materias recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade.	Identifica conexións coherentes entre figuras xeométricas planas correctamente clasificadas e outras materias (p. ex. Tecnoloxía) recoñecendo a achega das matemáticas ao progreso da humanidade. Identifica conexións entre as transformacións do plano e o campo da arte.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais.</li> <li>- Estimación e relacións.</li> <li>- Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións.</li> <li>- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> <li>- Movementos e transformacións.</li> <li>- Análise de transformacións elementais, como xiros, translacións e simetrías en situacións diversas utilizando ferramentas tecnolóxicas e/ou manipulativas.</li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Relacións xeométricas: investigación en diversos sentidos (numérico, alxébrico, analítico) e diversos campos (arte, ciencia, vida diaria).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Corpos xeométricos	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando e modificando algoritmos.	Resolve problemas de cálculo de volúmenes e áreas de figuras tridimensionais.	PE	100
CA2.3 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece situacións do mundo real, relacionadas co cálculo de medidas, susceptibles de ser resoltas mediante estratexias de estimación e grao de precisión.		
CA2.4 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa obxectos tridimensionais con diferentes ferramentas que permitan visualizar as súas propiedades.		
CA3.2 - Recoñecer e usar as relacións entre os coñecementos e as experiencias matemáticas formando un todo coherente.	Recoñece a relación entre unha figura tridimensional e o seu desenvolvemento no plano, empregando ferramentas manipulativas.		
CA3.4 - Recoñecer situacións susceptibles de ser formuladas e resoltas mediante ferramentas e estratexias matemáticas, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real e as matemáticas e usando os procesos inherentes á investigación científica e matemática: inferir, medir, comunicar, clasificar e predicir.	Recoñece figuras xeométricas tridimensionais do mundo real e clasifícaas correctamente.		
CA3.6 - Representar conceptos, procedementos e resultados matemáticos usando diferentes ferramentas e valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa con ferramentas dixitais figuras xeométricas compostas para o estudo das relacións numéricas. Representa vectores e as transformacións no plano con ferramentas dixitais e manipulativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medición.</li> <li>- Representación e modelización de obxectos tridimensionais para visualizar as súas propiedades e resolver problemas con eles.</li> <li>- Resolución de problemas contextualizados que impliquen o cálculo de lonxitudes, áreas, volumes e capacidades en formas planas e tridimensionais.</li> <li>- Estimación e relacións.</li> <li>- Formulación de conxecturas sobre medidas ou relacións entre as mesmas baseadas en estimacións.</li> <li>- Estratexias para a toma de decisión xustificada do grao de precisión requirida en situacións de medida.</li> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.</li> <li>- Descrición e clasificación de figuras xeométricas planas e tridimensionais e o seu uso en problemas contextualizados.</li> <li>- Construción de figuras xeométricas con ferramentas manipulativas e dixitais, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica.</li> <li>- Modelización xeométrica para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas na resolución de problemas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Matemáticas para a vida en sociedade	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Recoñecer a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	Recoñece a achega das matemáticas ao progreso da humanidade e a súa contribución á superación dos retos que demanda a sociedade actual.	TI	100
CA6.2 - Xestionar as emocións propias e desenvolver o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Xestiona as emocións propias e desenvolve o autoconcepto matemático como ferramenta para xerar expectativas positivas ante novos retos matemáticos.		
CA6.3 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e perseverante, aceptando a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.		
CA6.4 - Colaborar activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.	Colabora activamente no traballo en equipo, respectando diferentes opinións, comunicándose de maneira efectiva, pensando de forma crítica e creativa e tomando decisións e xuízos informados.		
CA6.5 - Participar na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, achegando valor, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.	Participa na repartición de tarefas que deban desenvolverse en equipo, favorecendo a inclusión e a escoita activa, asumindo o rol asignado e responsabilizándose da propia contribución ao equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Crenzas, actitudes e emocións.</li> <li>- Fomento da curiosidade, da iniciativa, da perseveranza e da resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.</li> <li>- Recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe como a autoconciencia e a autorregulación.</li> <li>- Desenvolvemento da flexibilidade cognitiva para aceptar un cambio de estratexia cando sexa necesario e transformar o erro nunha oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Traballo en equipo e toma de decisións.</li> <li>- Técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo e compartir e construír coñecemento matemático.</li> </ul>

## Contidos

- Condutas empáticas e estratexias de xestión de conflito.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Promoción de actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Recoñecemento da contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos nos que basearemos a acción educativa son:

- A adecuación dos contidos cos obxectivos e os medios para conseguilos.
- Enfoque das actividades dos alumnos, de maneira que proporcionen unha aprendizaxe activa, sempre que promovan a construción de conceptos.
- A orientación significativa da aprendizaxe, partindo de organizadores que axuden á análise dos novos coñecementos, así como propoñendo elementos motivadores.
- Fomento da aprendizaxe cooperativa para contrastar a elaboración de procedementos e crear actitudes de colaboración.
- Uso das TIC como recurso didáctico.
- Sempre que a temporalización o permita farase unha proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado ou realización de pequenos proxectos de traballo.

A metodoloxía a empregar en cada unidade didáctica será a seguinte:

- Introducción e pequena posta en común ao comezar un tema ou bloque. Detección de erros nos coñecementos previos.
- Breve exposición dos contidos do tema dando lugar á construción da propia aprendizaxe por parte do alumnado. Propiciarase a participación activa do mesmo.
- Alternancia de teoría con exercicios prácticos e detección de dificultades.
- Formulación de exercicios e actividades a resolver individualmente ou en pequenos grupos. Corrección comentada tratando de obter os aspectos máis xerais do tema tratado ou o máis destacable desde o punto de vista procedimental, de formulación e resolución de problemas.
- Recapitulación e conclusións, sentando xa as bases para a seguinte unidade se hai continuidade.
- Avaliación dos criterios de avaliación marcados. Aínda que a mencionamos en último lugar realizarase de forma continua a fin de modificar e corrixir o proceso de ensino e aprendizaxe.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Matemáticas, Oxford 3º ESO (ISBN: 978-01-905-3669-5)
Materiais de aula: cadernos, encerado, pupitres, calculadora, ...
Software específico e aplicacións web: aula virtual na plataforma Moodle, páxinas web e vídeos educativos, actividades interactivas, presentacións e software educativo, Geogebra, correo corporativo...
Materiais manipulativos: poliedros, xogos matemáticos
Libros e/ou artigos de prensa
Fichas de actividades de consolidación, reforzo e/ou ampliación

Aula de informática

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Información facilitada pola profesora do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2022/23 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave. Para isto realizarán probas exercicios na aula onde poida comprobar a súa destreza nas operacións básicas con números enteiros e probas competenciais (tipo Pisa) onde poder ver o seu grado de dominio do pensamento, ferramentas e procedementos matemáticos.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Ao alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros realizaráselle unha proba inicial de coñecementos na materia.

Ademais trataremos de estimular a participación do alumnado en todas as clases co fin de coñecer mellor as súas capacidades.

A partir da observación do profesor poderanse adoptar medidas como apoio, reforzo, adaptacións curriculares ou a modificación de determinados aspectos desta programación. En casos relevantes poñerase en coñecemento do Departamento de Matemáticas, o de Orientación, o equipo docente ou o titor segundo sexa necesario.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	6	6	6	8	8	8	10	6	6	8
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	8	20	100
<b>Proba escrita</b>	100	0	80
<b>Táboa de indicadores</b>	0	100	20

### **Criterios de cualificación:**

A nota de cada unidade didáctica obterase mediante a ponderación establecida dos criterios de avaliación correspondentes.

Cálculo da nota trimestral:

- 80% da nota de avaliación (recuperable) = media ponderada das notas das unidades didácticas de cada avaliación (sen incluír a UD 12), segundo as porcentaxes especificadas no apartado "Relación de UD".
- 20% da nota de avaliación (non recuperable) = nota da unidade didáctica 12: Matemáticas para a vida en sociedade.

Cálculo da nota da avaliación ordinaria obterase como a media ponderada segundo as porcentaxes indicadas no apartado "Relación de UD", onde a nota correspondente á UD12 será a media das notas obtidas na mesma en cada avaliación.

Se a nota da avaliación ordinaria é igual ou superior a 5, a materia queda superada con dita nota.

Consideracións xerais nas probas:

- Calquera proba considerárase suspensa (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos).
- As respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.
- Non se repetirán actividades e probas nos casos de non asistencia (polo que a súa cualificación será un cero), agás en circunstancias excepcionais como enfermidade debidamente xustificada.
- As probas non realizadas poderán facerse, debido a problemas de calendario, na recuperación para tal efecto.

### **Criterios de recuperación:**

Cando a nota trimestral dunha alumna/o sexa inferior a 5, poderá presentarse a unha proba escrita baseada nos contidos traballados nas unidades didácticas do trimestre (sen incluír a UD12) ao remate do mesmo, na data marcada pola profesora. Se a nota obtida é superior á nota correspondente no trimestre considerárase esta para o cálculo da nota de avaliación ordinaria.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

A recuperación das Matemáticas pendentes de 3º ESO farase mediante o seguinte procedemento:

1. Profesora responsable do seguimento do alumnado: A profesora que imparte clase de Matemáticas no curso actual da/o estudante.
2. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento: O estudante realizará boletíns de actividades de reforzo (facilitados pola profesora) e pode preguntar as dúbidas que lle poidan xurdir á profesora responsable do seguimento durante os recreos, previa solicitude por parte do estudante á profesora con indicación expresa de día.
3. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento: O estudante pode solicitar un libro de texto da materia pendente no Departamento de Matemáticas, que debe devolver ao remate do curso actual.
4. Unidades didácticas a recuperar:

UD 1.- Números racionais

UD 2.- Potencias e raíces

UD 3.- Sucesións

UD 4.- Proporcionalidade e porcentaxes

UD 5.- Polinomios e produtos notables

UD 6.- Ecuacións e sistemas

UD 7.- Funcións e gráficas. Funcións lineais e cadráticas

UD 8.- Táboas, gráficos e parámetros estatísticos.

UD 10.- Problemas métricos no plano

UD 11.-Corpos xeométricos

5. Tarefas a realizar, coa debida temporalización:

1ª avaliación: realízase a recuperación das unidades didácticas da 1 á 6.

- Boletín 1: Unidades 1 á 4 inclusive| Entrega á profesora o 6 de outubro

- Boletín 2: Unidades 5 e 6| Entrega á profesora o 10 de novembro
  - Data do exame das UUDD 1-6: 24 de novembro na hora de clase
- 2ª avaliación: realizarase a recuperación das unidades didácticas da 7 á 11.
- Boletín 3: UUDD 7, 8 | Entrega á profesora o 12 de xaneiro
  - Boletín 4: UUDD 10 e 11| Entrega á profesora o 2 de febreiro
  - Data do exame das UUDD 7,8,10 e 11: 1 de marzo na hora de clase

6. Seguimento e avaliación:

A recuperación das Matemáticas pendentes do curso anterior farase mediante o seguinte procedemento:

- Os traballos serán valorados pola profesora puntuando a súa entrega ata nun 30%.
- Valoraremos o esforzo do alumnado na materia que está a cursar de xeito que o 30% da nota da avaliación do curso actual será tida en conta na avaliación da pendente.
- No mes de novembro realizaremos unha proba sobre as 5 primeiras unidades da materia pendente e no mes de marzo sobre o resto.

A cualificación da materia será:

- 1ª avaliación: 40 % nota da primeira proba + 30% nota dos traballos + 30% da nota do curso actual.
- 2ª avaliación: 40% nota da segunda proba + 30% nota dos traballos + 30% da nota do curso actual.
- Avaliación final:
  - A media das notas da 1ª e 2ª avaliacións se se aprobaron as dúas partes.
  - No caso de non aprobar as dúas partes, o alumnado terá que presentarse a unha proba final no mes de maio nas datas establecidas por dirección para valorar así se se adquiriron as competencias do curso pendente. Nesta proba o alumnado poderá examinarse só da parte suspensa, se é o caso de ter aprobado unha avaliación. A nota final será a correspondente da proba de maio ou media da nota da proba final coa nota da avaliación aprobada no caso de parciais.
  - En caso de non superar a materia pendente, farase unha nova proba en xuño que versará sobre os contidos de todo o curso pendente. A valoración desta proba será a nota da/o estudante na materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Nos casos en que sexan detectadas dificultades de aprendizaxe de forma xeneralizada levaranse a cabo adaptacións para adecuar os contidos e actividades ao nivel de coñecementos previos e capacidades propias de cada alumno. Os informes de cursos anteriores, avaliacións iniciais e o seguimento diario das actividades dos alumnos serán os medios para dita detección. Cando as dificultades sexan graves solicitarase a colaboración do Departamento de Orientación para tomar as medidas oportunas.

Propoñeranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe en temas concretos; e de igual modo haberá actividades de ampliación para os alumnos que acaden con antelación os obxectivos previstos.

Atenderemos aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X	X	X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - A formación estética	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15 Novembro: Día da Ciencia.	Realizarase entre todos os departamentos do IES Espiñeira e, de ser posible, en colaboración cos outros centros. Proponse un día de actividades para achegar a Ciencia tanto ao alumnado como á contorna do noso alumnado.	X		
11 Febreiro: Día da muller e da nena na Ciencia.	Celebración deste día para visibilizar a participación das mulleres na Ciencia.		X	
14 Marzo: Día internacional das Matemáticas.	Celebración deste día a través dunha actividade de aula.		X	

### Observacións:

Sempre estaremos abertos a iniciativas educativas novas que cheguen a este departamento ao longo do curso, e valoraremos a viabilidade e idoneidade da participación do alumnado nas mesmas. Promoveremos desde o Departamento a participación en concursos de carácter matemático que se convoquen este curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación dos diferentes procedementos e instrumentos de avaliación eficaces
Metodoloxía empregada
Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos erros cometidos por parte do alumnado
Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe de maneira efectiva
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
Atención adecuada á diversidade do alumnado
Facilitación a cada alumna/o a axuda individualizada que precisa
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado



Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
Comunicación apropiada coa familia
Outros
Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado
Entrega ao alumnado de forma rápida do resultado das probas

### Descrición:

Estes indicadores de logro establecidos valoraranse en catro niveis do xeito que segue: excelente/conseguido/mellorable/non acadado.

Para mellorar e avaliar o proceso de ensino o profesor poderá:

- Realizar entrevistas colectivas ou individuais co alumnado.
- Comentar co alumnado os resultados da avaliación e recibir propostas.
- Elaborar cuestionarios dirixidos ao alumnado ou de autoavaliación.

O contacto diario cos alumnos, as dúbidas que aparecen de forma máis habitual e repetida e, para rematar, a confrontación cos resultados que se van obtendo constantemente ao corrixir ou debater as actividades propostas, son o mellor modo de controlar ata que punto os alumnos están asimilando os contidos.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cada mes realizaremos un seguimento da programación, e segundo os resultados académicos do alumnado e o ritmo de desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe tomaremos as medidas necesarias para mellorar os resultados: cambios na programación, metodoloxía empregada, temporalización...

Establécese como mecanismo común a todo instituto IES Espiñeira, e polo tanto tamén para esta programación didáctica, a elaboración de enquisas de avaliación da práctica docente que serán contestadas de xeito anónimo polo o alumnado. Establécense 2 enquisas:

- Enquisa Preliminar de Novembro: O obxectivo desta enquisa é detectar posibles desviacións e problemáticas que non son manifestadas polo estudante durante as sesións por diversos motivos pero que si poden ser máis facilmente detectables nunha enquisa anónima na que existe un maior ambiente de confianza. A temporalización desta enquisa, xa en novembro, ten a intención de que as desviacións poidan ser detectadas a tempo para a súa corrección no propio curso académico.

- Enquisa Final de Maio: A enquisa que terá un deseño similar a de novembro terá por obxectivo unha vez desenvolvida a práctica totalidade do curso, coñecer o grao de satisfacción do alumnado e estudar a súa opinión sobre que aspectos positivos se deben potenciar e que aspectos negativos se deben corrixir, para de cara ao deseño da programación didáctica do vindeiro curso facer os axustes necesarios para que o desenvolvemento da actividade docente sexa aínda máis eficiente.

A enquisa poderá facer a través de medios telemáticos ou físicos.

## 9. Outros apartados